

ESQUEMA O GRUPO NÓS

- Foi o principal impulsor da cultura galega durante os anos 20 e 30 do s. XX.
- Os seus logros foron destruídos pola Guerra Civil.
- Una nova xeración de escritores explorará outras novas formas de expresión (ensaio e narrativa).
- Os membros máis destacados deste grupo foron **Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Cuevillas** e os irmáns **Villar Ponte**.
- O nome do **grupo Nós** vén dado polo título da revista que editaron entre 1920 e 1936.
- Estos homes representan unha xeración de **inadaptados** que non atopan acomodo no mundo que lles tocou vivir.
- Procuran algo diferente que acaban atopando primeiro nas culturas alleas e exóticas, no ocultismo, no esoterismo e despois na cultura galega.
- Foron quen de europeizar a cultura galega.
- Tentaron modernizar o pensamento e as actitudes da sociedade galega.
- Consideraban a **Galiza** como un pobo diferenciado que foi quen de crear e conservar unha cultura propia ao longo da historia.
- A creación da **Revista Nós** en 1920 marcou un paso definitivo na madurez da moderna cultura galega.
- A **Revista** acolleu numerosas temáticas: arqueoloxía, historia, etnografía e creación literaria.
- A prosa e o ensaio acadaron un nivel nunca antes conseguido.